

Recurso nº 76/2019**Resolución nº 75/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 1 de abril de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. D.V.P. actuando en nome e representación de FROQ EVENTOS S.L. contra a comunicación da selección da mellor oferta no lote 3 na contratación dun servizo de produción e subministración de elementos para a montaxe e organización dos espectáculos a celebrar na Cidade da Cultura de Galicia promovidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo o seu calendario de actividades, expediente 2018-014-SER-A, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia convocouse a licitación do contrato dun servizo de produción e subministración de elementos para a montaxe e organización dos espectáculos a celebrar na Cidade da Cultura de Galicia promovidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo o seu calendario de actividades, cun valor estimado declarado de 259.008,00 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 22.12.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

Terceiro.- O recorrente impugna a comunicación de selección da mellor oferta no lote 3 da citada licitación, que lle notificou o órgano de contratación o día 11.03.2019.

Cuarto.- O día 26.03.2019 FROQ EVENTOS S.L. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces na web deste Tribunal.

Quinto.- Na mesma data reclamouse á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 28.03.2019.

Sexto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto previsto no artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente resolución.

Sétimo.- Respecto da suspensión cautelar solicitada, non procedeu adoptar decisión sobre a mesma porque xa se pasou a ditar a presente resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- A recorrente está lexitimada para interpoñer o presente recurso pola súa condición de licitadora para o lote 3 na citada contratación.

Cuarto.- Vistas as datas descritas, o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- A recorrente impugna a notificación rotulada “*Comunicación da selección da mellor oferta*” respecto do lote 3, na cal, paga a pena destacalo, non se traslada que sexa impugnabile mediante recurso especial.

O artigo 44.2 LCSP establece que poderán ser obxecto do recurso, entre outras, as seguintes actuacións:

“b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.”

Examinado o expediente e a comunicación impugnada, resulta que se trata dun acto de trámite que comunica a selección da mellor oferta, por iso, trátase dun acto aínda non decisorio aos efectos do recurso especial.

De feito, do expediente remitido resulta que con posterioridade a dita comunicación impugnada, a mesa de contratación, en sesión de 21.03.2019, aínda acordou efectuar a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, proposta que tampouco sería o que abre este recurso especial, como expresamos, entre outras, na Resolución TACGal 26/2019:

“No suposto examinado, o resolto pola mesa de contratación no sentido de propoñer a adxudicación do expediente de contratación, non é de por si un acto que produza indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos. De feito, tal proposta require dunha ulterior decisión do órgano de contratación (no mesmo sentido, Resolución TACGal 32/2018 ou 129/2018), a cal incluso non ten que ser coincidente con aquela proposta, polo que só aí existe un acto de adxudicación, sobre o que cuestionar o que se estime respecto que a mesma recaia en determinada oferta.”

En todo caso, resulta indubidable que esa previa comunicación de clasificación das ofertas impugnada é un acto de trámite non susceptible, como tal, de recurso especial, polo que procede inadmitir este o abeiro do artigo 55.c) LCSP, sen que caiban entón máis pronunciamentos.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por FROQ EVENTOS S.L. contra a comunicación da selección da mellor oferta no lote 3 na contratación dun servizo de produción e subministración de elementos para a montaxe e organización dos espectáculos a celebrar na Cidade da Cultura de Galicia promovidos pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia segundo o seu calendario de actividades, expediente 2018-014-SER-A.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.